

1. Reforza os teus coñecementos. Neste apartado estivemos analizando como se poden agrupar os seres vivos dun bosque caducifolio para identificar e describir nel unha especie, unha comunidade e unha poboación. Fai ti o mesmo para o caso dunha praia.

Unha posible resposta sería:

Especie: a gaivota, isto é, todas as gaivotas do planeta que son moi semellantes entre si e poden reproducirse e ter descendentes coas súas mesmas características. Unha especie de gaivota sería, por exemplo, *Larus michahellis*.

Poboación: todas as gaivotas da mesma especie que viven nesa praia.

Comunidade: todas as gaivotas e todos os individuos doutras especies que viven nesa praia, coma os cangrexos. A poboación de gaivotas e a poboación de cangrexos forman unha comunidade.

2. Pensa noutro exemplo de ecosistema e identifica nel unha especie, unha poboación e unha comunidade.

Un Exemplo podería ser a Sabana Africana.

Especie: o elefante isto é, todos os elefantes do planeta (Africano e Asiático) que son moi semellantes entre si e poden reproducirse e ter descendentes coas súas mesmas características.

Poboación: todos os elefantes da mesma especie que viven na Sabana.

Comunidade: Todos os elefantes e todos os individuos doutras especies que que viven na Sabana, coma árbores e diferentes vexetais, as poboación de gacelas, a poboación de leóns etc.